



## NORMATIVA DO CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BLOQUE 2019

### XENERALIDADES

- O “*Campionato Galego de Escalada de Bloque*” está composto por unha única proba.
- Durante a proba aplicarase o regulamento de escalada da FGM que é o mesmo que aplica a FEDME para o ano 2019.
- As categorías por xénero
  - *Senior*
  - *Sub – 18*, todos aqueles e aquelas que cumpran os 16 ou 17 durante o 2019.
  - *Sub – 16*, todos aqueles e aquelas que teñan os 12 anos cumpridos o día da competición e que como máximo cumpran os 15 anos durante o 2019.
- Do resultado da competición saíran os campións e campioas de Galicia en Escalada de Bloque por categoría e xénero.
- O campionato desenvolverase na sede de Expourense o 16 de novembro.

### INSCRICIÓNS

- As inscricións realizaranse na páxina web da FGM na área de competición onde estará activado o formulario de inscrición.
- O prazo de inscrición rematará o luns día 11 de novembro as 14 horas, ou ben este cheo o cupo de competidores ou competidoras por categoría.
- Todos os participantes inscribíranse representando un club.
- É **obligatorio** ter a licenza deportiva do ano en curso no que se celebra o campionato coa cobertura na área de escalada. A licenza pode ser autonómica FGM ou nacional FEDME.



## A COMPETICIÓN – ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

- Rexirase polo regulamento aprobado pola FGM para as competicións de Escalada, que é equivalente ao regulamento da FEDME para as competicións de escalada.
- Os participantes enfrontaranse a:
  - Rolda clasificatoria, formato “*a americana – redpoint*”, composta por seis bloques, todos os participantes.
  - Rolda final, formato de rotación “*a vista*”, composta por catro bloques, seis finalistas.

## PROGRAMA PROVISIONAL

- Mañá do sábado 16 de novembro
  - Control de licencias e entrega de dorsais
  - Clasificatorias
- Tarde do sábado 16 de novembro
  - Roldas finais
  - Entrega de premios

*Nota: o programa detallado cos horarios, publicarase na páxina web o 12 de novembro.*